

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

**Organismo:** DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

<b>Capítulo</b>	
<b>Epígrafe</b>	
<b>(Para cubrir no “Diario Oficial de Galicia”)</b>	

**SUMARIO:**

ORDE do 25 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. Código de procedemento PR486A.

**TEXTO**

(Escribir a dous espazos)

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece a obrigatoriedade de que os concellos presten determinados servizos públicos. Así mesmo, dispón que as funcións de coordinación e axuda da Comunidade Autónoma de Galicia se dirixirán preferentemente a acadar o obxectivo da prestación homoxénea dos ditos servizos.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, mediante a potenciación e o apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, que é a Administración máis próxima á cidadanía.

Neste sentido, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, vén colaborando cos concellos desde 2009 mediante esta liña de subvencións e

levando a cabo unha actividade de fomento daqueles proxectos de maior interese social, co obxectivo de que a acción pública incentive ou promova a execución daquelas actuacións en infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos que se considera que resolven necesidades de carácter público ou que redundan en maior beneficio da cidadanía, permiten mellorar a calidade de vida do conxunto da veciñanza e afectan o núcleo dos servizos da administración máis próxima aos administrados, a Administración local.

Así, para esta convocatoria, establécese a elixibilidade daqueles proxectos que teñen como obxecto a realización de obras sobre diferentes tipos de espazos públicos, entendendo como tales os parques, os paseos, as prazas e as rúas, así como calquera outro espazo público similar ou análogo. O obxectivo é acoller nesta categoría unha ampla posibilidade de intervencións, entre outras as humanizacións, as pavimentacións de rúas e camiños municipais, as actuacións para creación ou mellora de prazas públicas, as melloras de contornos urbanos, a adecuación de zonas para paseo ou tránsito peonil, a creación de parques urbanos ou nas proximidades de núcleos rurais, o acondicionamento de campos da feira, ou as remodelacións integrais de espazos públicos tanto urbanos como rurais.

O recoñecemento do papel dos concellos no labor de promoción e de desenvolvemento da práctica deportiva como medio para a mellora da saúde física ou mental das persoas e para o fomento de valores sociais e inclusivos, aconsella manter dentro do obxecto desta liña de subvencións e priorizar a realización de actuacións en instalacións deportivas municipais. Unha categoría na que se encadra un conxunto diverso de obras que teñen diferentes obxectos, co denominador común de crear, acondicionar, mellorar ou reparar edificios e instalacións de titularidade municipal, destinadas á realización de actividades deportivas.

A importancia cuantitativa dos recursos que os concellos destinan á pavimentación de camiños de titularidade municipal ou as intervencións sobre as redes de luz pública para conseguir un aforro no gasto en consumos eléctricos, ou renovar, por razóns de seguridade, instalacións obsoletas ou deterioradas polo paso do tempo e asemade mellorar a eficiencia enerxética destas instalacións, son razóns que xustifican a continuidade destes proxectos dentro do obxecto das subvencións.

E, finalmente, nas categorías de proxectos subvencionables, recóllese de xeito explícito a realización de obras de adaptación dos edificios municipais para garantir que resulten accesibles, en liña coas necesarias condicións básicas de non discriminación esixibles nas renovacións dos espazos públicos existentes.

Polo tanto, por medio desta orde regúlanse os requisitos e o procedemento que se seguirá para a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas á creación e/ou mellora das

infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

Por outra banda, cómpre sinalar a adecuación destas bases ao cumprimento do establecido no artigo 18.2 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se introduce a incorporación *nas bases reguladoras das axudas e subvencións de requisitos dirixidos a promover a implicación dos diferentes axentes na sustentabilidade demográfica e na cohesión territorial de Galicia, de modo que se favoreza, entre outras, a permanencia das persoas no lugar de residencia habitual, a conciliación corresponsable e o apoio ás familias con persoas a cargo*. A este respecto, podemos sinalar que a presente orde se encadra na actividade de fomento da administración para facilitar o desenvolvemento daqueles proxectos de maior interese social, co obxectivo de que a acción pública incentive ou promova a execución de actuacións en infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos que se considera que resolven necesidades de carácter público ou que redundan en maior beneficio da cidadanía, permiten mellorar a calidade de vida do conxunto da veciñanza e afectan o núcleo dos servizos da administración máis próxima aos administrados, a Administración local.

O obxectivo da mellora das condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais pretende acadarse a través da colaboración cos concellos na mellora das dotacións existentes de infraestruturas básicas e do fomento da implantación e a reforma dos servizos básicos demandados pola poboación rural, proporcionándolle aqueles que cubran as súas principais necesidades, facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación, e procurando satisfacer as novas necesidades dos habitantes e das empresas das áreas rurais.

Todo o anteriormente exposto explica como por medio desta orde, en canto ao seu obxecto, destinatarios e obxectivos, se introducen os requisitos para *promover a implicación dos diferentes axentes na sustentabilidade demográfica e na cohesión territorial de Galicia, de modo que se favoreza, entre outras, a permanencia das persoas no lugar de residencia habitual, a conciliación corresponsable e o apoio ás familias con persoas a cargo*”.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 28 de febreiro de 2013, adoptou o acordo de aprobar os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal. En cumprimento do dito acordo, esta convocatoria pública incorpora criterios para promover a realización de proxectos conxuntos, presentados por agrupacións ou asociacións de concellos, fronte ás solicitudes presentadas individualmente.

Consolidase así unha medida que impulsa e promove a xestión eficaz e eficiente e asemade permite rendibilizar os recursos das administracións, a través de fórmulas de xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de tal xeito que os resultados positivos dunha posta en común dos recursos permitan continuar prestando uns servizos públicos de calidade sen alterar a estabilidade da situación económica municipal. Xa que logo, cómpre manter os incentivos á cooperación puntual entre os concellos e aos procesos de fusión municipal, voluntariamente concertados, como medidas de colaboración e reorganización que fagan posible o aforro de custos e, asemade, a eficacia na xestión.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio), sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas.

Pola súa vez, o artigo 29 do citado decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de administración local, e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

Esta convocatoria tramítase como anticipada de gasto, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e co establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de outubro de 2025, na cal se acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

Con base en todo o anterior, dispoño:

#### Artigo 1. Obxecto e bases reguladoras

Por medio desta orde establécense as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, en réxime de concorrència competitiva, destinadas aos concellos de Galicia, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións de concellos, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais (código de procedemento PR486A), que se indican a seguir:

1. Obras de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios, instalacións, ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais, obras de adaptación para garantir que resulten accesibles e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias.

Para os efectos desta orde, terán a consideración de edificio, instalación ou dependencia destinada á prestación dos servizos municipais aqueles relacionados co exercicio de calquera das competencias referidas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ou coa prestación dos servizos incluídos no artigo 26.1 da mesma lei.

2. Obras de acondicionamento de camiños públicos municipais e de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de prazas, parques, paseos e rúas.
3. Obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública.

#### Artigo 2. Gastos subvencionables e requisitos dos proxectos

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles en que incorrese a entidade solicitante, con posterioridade á presentación da solicitude da axuda, como consecuencia da realización dos proxectos de investimento indicados no artigo 1, acordes cos requisitos e criterios indicados neste artigo e que se destinen a:
  - a) Execución de obras e adquisición de equipamentos imputables ao capítulo VI do orzamento de gastos da entidade local, de conformidade coa clasificación económica establecida pola Orde EHA/3565/2008, do 8 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Para estes efectos, só serán equipamentos subvencionables as subministracións de mobiliario xeral, de mobiliario e equipos de oficina, de equipamento informático e de equipamento audiovisual.
  - b) Custos directamente relacionados cos investimentos que se efectúen, tales como honorarios de arquitectura e enxeñaría. O importe total destes custos xerais non poderá superar o máximo do 12 % do investimento subvencionable.
2. En todo caso, os proxectos serán completos e de fase única, susceptibles da súa posta en servizo inmediata como consecuencia directa da execución do proxecto subvencionado. Non se admitirán a trámite os proxectos estruturados en fases nin fases de proxectos.
3. Sen prexuízo de calquera outra actuación que non se considere subvencionable como consecuencia do previsto nesta orde ou na normativa xeral de subvencións, en ningún caso serán subvencionables:

- a) A adquisición de terreos.
- b) Os gastos correntes en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades das entidades locais.
- c) Os investimentos de carácter inmaterial non incluídos no número 2 deste artigo.
- d) A adquisición de elementos decorativos ou ornamentais.
- e) Os proxectos relacionados coa implantación de enerxías renovables ou coa prevención e extinción de incendios forestais.
- f) As obras de reparación e de mantemento, como rozas e limpeza de gabias ou reparación de fochas en vías públicas; os proxectos de redes de luz pública que consistan unicamente na substitución de lámpadas ou luminarias, ou aqueles destinados á colocación, substitución ou reparación de elementos e pezas illadas en mobiliario ou equipamentos públicos.
- g) Os investimentos que substitúan ou modifiquen outros financiados anteriormente ao abeiro desta liña de subvencións (PR486A), dos cales aínda non pasasen cinco anos desde a data de certificación do gasto.

### Artigo 3. Beneficiarios e requisitos das solicitudes

1. Poderán ser beneficiarios desta subvención aqueles concellos de Galicia, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, que reúnan os seguintes requisitos:
  - a) Ter menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes, publicadas polo Instituto Galego de Estatística.
  - b) Ter remitido a conta xeral do concello, correspondente ao exercicio orzamentario de 2024, ao Consello de Contas. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

No caso das agrupacións ou asociacións de concellos, deberán cumprir ambos os requisitos todos os concellos agrupados ou asociados, polo que o incumprimento por parte dalgún dos concellos participantes na solicitude de subvención supoñerá a inadmisión desta.

2. As solicitudes presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - a) Cada concello poderá presentar ata dúas solicitudes, sempre que unha delas sexa individual e a outra sexa unha conxunta de agrupacións ou asociacións de concellos. En todo caso, ambas as solicitudes deberán ser para actuacións diferentes. A inclusión dun concello nunha solicitude de xestión compartida dunha asociación ou agrupación exclúe a posibilidade de participar noutra solicitude conxunta e só é compatible coa presentación doutra individual.

Cando o órgano tramitador observe que un concello participa en máis dunha solicitude individual e/ou en máis dunha solicitude de agrupacións ou asociacións de concellos, poñerá de manifesto para que, no prazo máximo de dez días, poida desistir da solicitude ou solicitudes necesarias para dar cumprimento ao establecido neste artigo.

De non se ter recibido a comunicación da desistencia dentro do prazo establecido, inadmitiranse todas as solicitudes en que o concello participe.

- b) Cada solicitude corresponderase cun único proxecto, aínda que en cada proxecto se poderá incluír máis dunha actuación. Malia o anterior, nas solicitudes para investimentos presentadas por agrupacións ou asociacións de concellos, cada proxecto deberá corresponderse cunha única actuación e constituirá causa expresa de inadmisión a presentación de solicitudes conxuntas para a realización dun proxecto de investimento que inclúa máis dunha actuación.

Para os efectos desta orde, considerarase proxecto aquela actuación ou conxunto de actuacións, susceptibles de definición individualizada, para as cales se solicita subvención.

Cada actuación virá definida no documento que corresponda segundo a súa tipoloxía:

- a. Equipamento: memoria detallada e valorada.
- b. Obras: anteprojecto, proxecto ou memoria valorada.

O orzamento total da solicitude e, xa que logo, do proxecto, é o resultado da suma dos orzamentos parciais das actuacións que o integran, incluído o imposto sobre o valor engadido.

- c) Que a entidade solicitante teña a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios en que se pretende realizar as actuacións.

Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarase mediante a certificación emitida pola persoa secretaria do concello solicitante, no modelo do anexo II, ou do concello representante, no modelo do anexo III, segundo proceda. Neste último caso, a certificación realizarase con base na emitida pola persoa secretaria do concello en que se localicen os terreos ou predios en que se vaia desenvolver cada unha das actuacións que integran o proxecto.

Para os efectos desta orde, entenderase que existe plena dispoñibilidade cando as actuacións para as cales se solicita subvención non estean pendentas de ningunha autorización ou licenza urbanística ou sectorial tanto municipal como por parte doutros organismos ou administracións públicas en materia de dominio público

hidráulico, patrimonio cultural ou estradas, entre outras, ben por dispoñer dela ou por non ser preceptiva.

- d) Que existe acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras ou equipamentos concretos que se pretenden executar ao abeiro desta orde con base no proxecto, anteprojecto ou memoria detallada ou valorada, segundo o caso, e se aceptan expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Este acordo deberá estar adoptado antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarase mediante certificación emitida pola secretaría do concello solicitante, no modelo do anexo II ou pola secretaría do concello representante, no modelo do anexo III. Neste último caso, emitirase a certificación con base nos acordos adoptados, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, por cada un dos concellos que integran a asociación ou agrupación, e incluírá a designación dun alcalde ou dunha alcaldesa como persoa representante única que actuará como coordinadora e interlocutora ante a Dirección Xeral de Administración Local e será quen reciba e xustifique a subvención.

- e) Sen prexuízo doutros supostos en que proceda a inadmisión da solicitude, para as formuladas por agrupacións ou asociacións de concellos establécese expresamente a inadmisión daquelas solicitudes en que non se acredite a realización conxunta da actuación ou servizo para a cal se solicita subvención e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local.

3. Os concellos que desexen formular unha solicitude conxunta deberán regular a agrupación ou asociación mediante un convenio de colaboración que achegarán xunto coa solicitude e que terá o contido mínimo obrigatorio que se establece no artigo 7.6 desta orde.
4. O incumprimento de calquera das condicións ou requisitos establecidos neste artigo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes constituirá causa de inadmisión da solicitude, sen prexuízo de calquera outra que poida derivar da normativa aplicable.

#### Artigo 4. Crédito e importe máximo das subvencións

1. Estas subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.760.2 (código de proxecto 2016 00023, Creación, mellora e ampliación de servizos locais básicos), ata unha contía máxima de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000,00 €), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

2. Esta convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto, ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026.

Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto no número 1 deste artigo e, xa que logo, a concesión das subvencións, queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026 para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.

3. A axuda económica que se conceda financiará ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros tanto para as solicitudes conxuntas como para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión.

#### Artigo 5. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. Os concellos, tanto individualmente como asociados ou agrupados, que desexen acollerse aos beneficios desta orde presentarán unha solicitude dirixida á Dirección Xeral de Administración Local, segundo o modelo que figura como anexo I destas bases reguladoras. Esta solicitude deberá ir acompañada da documentación que se establece no artigo 6 ou no artigo 7 desta orde, segundo proceda.
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.
3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través

da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

4. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
5. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 6. Documentación complementaria á solicitude individual

Os concellos interesados deberán achegar co anexo I de solicitude, debidamente cuberto, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante do concello solicitante, incluída no anexo I desta orde, na cal se faga constar:
  - a) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
  - b) Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.  
Esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin é debedor por resolución de procedemento de reintegro, para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia.
  - c) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da subvención, de ser o caso.
2. Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante, no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

- a) O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras ou equipamentos concretos que se pretenden executar ao abeiro desta orde e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.  
Este acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes e nel constará expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.
- b) A remisión da conta xeral do concello ao Consello de Contas de Galicia, correspondente ao exercicio orzamentario de 2024, á cal fai referencia o artigo 3.1.b) desta orde.  
No certificado quedará acreditado que esta remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de envío ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar esta data de remisión.
- c) A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do artigo 3.2.c) desta orde.
- d) Os dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade do ano 2024, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.
3. Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local. Esta memoria deberá conter as razóns que xustifican a necesidade das actuacións para as cales solicitan a subvención, para os efectos da súa valoración de acordo co criterio establecido no artigo 11.3 destas bases reguladoras.
4. Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras, deberá achegarse o anteproxecto, proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:
- Memoria explicativa.
  - Orzamento detallado, desagregado no nivel de partida, con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global.
  - Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.
  - Planos do Sixpac en que se indiquen as coordenadas UTM de cada unha das actuacións que integran a solicitude.

No caso de parques infantís, será obrigatoria a súa adaptación á normativa europea para este tipo de instalacións.

5. Nas solicitudes de subvención para equipamento, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, deberá achegarse unha memoria detallada e valorada do equipamento para o cal se solicita subvención, asinada electronicamente pola persoa representante do concello solicitante, que conterá a descrición e o orzamento detallado do equipamento solicitado.

#### Artigo 7. Documentación complementaria á solicitude conxunta

As agrupacións ou asociacións de concellos interesados deberán achegar co anexo I de solicitude, debidamente cuberto, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable asinada electronicamente polo alcalde ou pola alcaldesa representante da asociación ou agrupación de concellos, incluída no anexo I, na cal se faga constar, con base nas declaracións responsables emitidas polos alcaldes e/ou alcaldesas de cada un dos concellos asociados ou agrupados participantes na solicitude, canto segue:
  - a) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
  - b) Que ningún dos concellos integrantes da solicitude está incurso nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención. Esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin é debedor por resolución de procedemento de reintegro, para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia.
  - c) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da subvención, de ser o caso.

As declaracións orixinais emitidas polos concellos integrantes da asociación ou agrupación deberán quedar en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

2. Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello representante, no modelo do anexo III, na cal se faga constar, con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos asociados ou agrupados e/ou nas certificacións emitidas polas persoas secretarias dos concellos participantes na solicitude, canto segue:

a) Que todos os concellos integrantes acordaron solicitar subvención para as obras ou equipamentos concretos que se pretenden executar ao abeiro desta orde, mediante a fórmula de xestión compartida, e que aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

No referido acordo, que deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, constará expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.

b) O nomeamento do alcalde ou da alcaldesa representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación ou asociación, e que actuará como persoa coordinadora, interlocutora, perceptora e xustificadora da axuda.

c) O compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

d) Que todos os concellos participantes na solicitude remitiron a conta xeral do exercicio orzamentario 2024 ao Consello de Contas, segundo exige o artigo 3.1.b) desta orde. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que a data de sinatura do certificado implicará que a data de remisión ao Consello de Contas se efectuou en todo caso nunha data anterior á emisión do certificado.

e) A plena dispoñibilidade dos concellos sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que os concellos, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa teñen a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do artigo 3.2.c) desta orde.

f) Os dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) dos orzamentos liquidados dos concellos do ano 2024, para o cálculo do esforzo fiscal da entidade solicitante.

g) O importe total dos gastos de capital (capítulos 6 e 7) dos orzamentos vixentes dos concellos participantes na solicitude.

Os acordos deberán estar adoptados e as contas remitidas antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes. O incumprimento destes requisitos ou a falta

de referencia expresa ao contido determinado en calquera das alíneas deste número 2, aínda que afecte unha soa das entidades agrupadas ou asociadas, determinará a inadmisión da solicitude conxunta.

Os acordos orixinais emitidos polos concellos integrantes da asociación ou agrupación, así como as certificacións emitidas polas persoas secretarias destes concellos, entre as cales se atopará, en todo caso, a certificación de plena dispoñibilidade dos terreos emitida pola persoa secretaria do concello en que se van desenvolver as actuacións, deberán quedar en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

3. Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade solicitante, para os efectos da súa valoración de acordo co criterio establecido no artigo 11.3 destas bases reguladoras.

Esta memoria xustificativa conterá unha memoria de aforro de custos, na cal se fará constar en cadro comparativo a diferenza dos custos da execución compartida respecto da execución individual por cada concello participante. Neste cadro comparativo consignaranse o importe do orzamento da actuación conxunta e os importes en euros que representen o cálculo do custo que a execución individual da actuación produciría para cada un dos concellos.

4. Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras deberá achegarse o anteproxecto, proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

- Memoria explicativa.
- Orzamento detallado, desagregado no nivel de partida, con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global.
- Planos a escala e detalle suficientes para describir a actuación.
- Planos do Sixpac en que se indiquen as coordenadas UTM da actuación.

No caso de parques infantís, será obrigatoria a súa adaptación á normativa europea para este tipo de instalacións.

5. Nas solicitudes de subvención para equipamento, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores deberá achegarse unha memoria detallada e valorada do equipamento para o cal se solicita subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da agrupación ou asociación solicitante, que conterá a descrición e o orzamento detallado do equipamento solicitado.

6. Convenio de colaboración que regule a asociación ou agrupación de concellos, co seguinte contido mínimo obrigatorio:
  - a) Concellos que subscriben o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
  - b) Obxecto do convenio, obxectivos e actuacións que acorden desenvolver para o cumprimento da actuación subvencionada, de ser o caso.
  - c) Designación de alcalde ou alcaldesa como representante único que actuará como persoa coordinadora e interlocutora ante a Dirección Xeral de Administración Local e será quen reciba e xustifique a subvención.
  - d) Os compromisos de execución asumidos por cada membro da asociación ou agrupación de concellos, que incluírán unha referencia expresa ás porcentaxes e/ou importes de financiamento do proxecto que achegará cada un dos concellos participantes.
  - e) En ningún caso a participación de cada un dos concellos poderá ser inferior ao 25 % do orzamento total do proxecto. En agrupacións ou asociacións de catro ou máis concellos, as porcentaxes de participación deberán ser a partes iguais.
  - f) O compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.
  - g) O compromiso de non disolver a agrupación ou asociación mentres non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 8. Forma de presentación da documentación complementaria para a tramitación do procedemento

1. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas achega a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.
2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia dun documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento en cuestión ou da información orixinal.
3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. Defectos na solicitude e outra documentación

1. A Dirección Xeral de Administración Local, que é o órgano competente para a instrución do procedemento, notificaralles ás entidades solicitantes os defectos emendables nas solicitudes e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daralles un prazo máximo e improrrogable de dez (10) días para emendaren os erros ou omisións, coa indicación de que, de non o faceren así, se considerarán desistidas da súa petición, logo da resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Se algunha documentación das solicitadas neste artigo xa consta en poder da Dirección Xeral de Administración Local e non se producise desde o momento en que foi presentada ningunha variación que afecte o seu contido ou vixencia, non será necesario achegala novamente. Neste caso, a entidade solicitante indicará a data e o procedemento para os cales foron presentados ou emitidos, de ser o caso, sen prexuízo do previsto con carácter xeral no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A Dirección Xeral de Administración Local poderá requirir as entidades solicitantes para achegaren cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da solicitude ou para a súa tramitación e resolución.

#### Artigo 10. Instrución e resolución

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación das solicitudes, revisadas estas e a súa documentación e feitas as emendas necesarias, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e conteñan a documentación preceptiva serán trasladados a unha comisión para que as valore de acordo cos criterios establecidos no artigo 11 destas bases reguladoras.
2. A Comisión de Valoración estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local e dela formarán parte os delegados e as delegadas territoriais da Xunta de Galicia ou persoas en quen deleguen. Actuará como secretaria a persoa titular

da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais da Dirección Xeral de Administración Local, ou unha persoa funcionaria da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefatura de servizo.

3. Unha vez que a Comisión realice a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de avaliación e repartición establecidos no artigo 11, da cal quedará constancia en acta motivada, a Dirección Xeral de Administración Local elevará proposta á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quen resolverá.
4. A resolución notificaráselles a todas as entidades interesadas segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, de conformidade co artigo 23.5 da mesma lei, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.
5. Contra esta resolución, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado do contencioso-administrativo que corresponda.
6. Así mesmo, o órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria, sempre que non se cause prexuízo a terceiro, no prazo e na forma previstos no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
7. O prazo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde será de tres meses contados desde o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.
8. Transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida por esta, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 11. Criterios de avaliación

Na valoración das solicitudes presentadas teranse en conta os seguintes aspectos, ata un máximo de 100 puntos:

1. Co fin de fomentar a realización de proxectos conxuntos, incentivaranse as solicitudes presentadas por agrupacións ou asociacións de concellos para a realización dun proxecto común, para o cal se reservan 30 puntos da puntuación total. Para a valoración deste criterio teranse en conta:
  - a) Pola presentación dunha solicitude conxunta asignaranse 15 puntos.
  - b) A repercusión do orzamento do proxecto con respecto aos orzamentos municipais puntuarase ata 5 puntos, considerando a porcentaxe que o orzamento do proxecto representa en relación coa suma dos créditos iniciais dos capítulos de gasto de capital (capítulos 6 e 7) dos orzamentos vixentes en 2024 en cada un dos concellos participantes.
  - c) A valoración dos aforros obtidos puntuarase ata 10 puntos considerando a ratio de aforros obtidos co proxecto conxunto respecto do custo total por execución individual.

En caso de presentar solicitude unha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, outorgaranse os 30 puntos previstos neste número 1 pola simple presentación dela.

2. A tipoloxía do proxecto para o cal solicitan a subvención puntuarase segundo as categorías seguintes, ata un máximo de 10 puntos:
  - a) Proxectos de actuación sobre edificios, instalacións ou dependencias municipais, que implican unha mellora da accesibilidade e da calidade da prestación dos servizos públicos e contribúen a evitar o despoboamento na medida en que facilitan o mantemento de actividades económicas e de servizos valoraranse ata 10 puntos coa seguinte gradación:
    - Obras en edificios ou instalacións deportivas municipais, 10 puntos.
    - Obras de mellora da accesibilidade nos edificios, instalacións ou dependencias municipais, 8 puntos.
    - Outros proxectos de actuación sobre edificios, instalacións ou dependencias municipais, 6 puntos.
  - b) Proxectos para o acondicionamento dos camiños públicos municipais e os de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de prazas, parques públicos, paseos e rúas, por entender que son infraestruturas que dun xeito directo contribúen a mellorar a calidade de vida, especialmente nos núcleos rurais, e que absorben cantidades importantes de recursos municipais, asignaráselles 4 puntos.

- c) Proxectos de renovación das redes de luz pública, pola contribución á mellora da calidade de vida local en aspectos como a seguridade vinculada ao incremento da visibilidade, e a redución das partidas orzamentarias destinadas a este capítulo polo aforro enerxético relacionado coas novas tecnoloxías e os proxectos de parques infantís, pola contribución á creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia: 2 puntos.
3. A necesidade específica das actuacións concretas que pretende abordar o proxecto puntuaranse ata un máximo de 30 puntos con base no contido da memoria presentada por cada entidade solicitante.
4. A valoración do esforzo fiscal do concello ou concellos en atención á contribución media por habitante ao orzamento liquidado de 2024 calcularase dividindo os dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III) entre o número de habitantes e asignaráselle un máximo de 15 puntos.
5. Por acreditar unha boa xestión, ata 10 puntos. A valoración deste criterio realizarase con base nun informe emitido pola intervención da entidade solicitante no cal se fagan constar os seguintes datos:
- a) Que a entidade local rendeu a conta xeral do exercicio 2024 dentro do prazo legalmente establecido: 2 puntos.
- b) Que a entidade local cumpriu coa estabilidade orzamentaria no exercicio 2024: 4 puntos.
- c) Que a entidade local aprobou no prazo legalmente establecido o orzamento para 2024 e non tivo prorrogado o do exercicio anterior: 4 puntos.

No caso das asociacións ou agrupacións de concellos, as puntuacións asignaranse con base nos informes emitidos polas respectivas intervencións municipais e só se puntuarán aqueles datos acreditados por todos os concellos que integran a solicitude.

6. Pola porcentaxe de paro rexistrada, considerando o número total de persoas en situación de desemprego do concello ou concellos participantes en relación co total da poboación, asignaranse ata 5 puntos.

Para a asignación de puntuacións naqueles criterios que incorporan referencias a datos de poboación utilizaranse as cifras oficiais do padrón municipal de habitantes, publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

## Artigo 12. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 14. Aceptación

1. A entidade beneficiaria dispoñerá dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Para as subvencións concedidas a agrupacións ou asociacións de concellos, o escrito de renuncia deberá vir subscrito pola persoa representante de cada un dos concellos. A aceptación da subvención implica, en todo caso, o compromiso de execución completa do proxecto que fundamentou a resolución de concesión.
2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

### Artigo 15. Publicación dos actos

A relación de subvencións concedidas publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/axudas-e-subvencions>).

### Artigo 16. Obrigas dos beneficiarios

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización do proxecto que fundamentou a concesión da subvención e o seu custo real, nos prazos e na forma establecidos nestas bases reguladoras e demais normativa de aplicación.
3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e executar a totalidade das actuacións que integran o proxecto presentado xunto coa solicitude que fundamentou a resolución de concesión, sen prexuízo das modificacións das características do proxecto subvencionado que o órgano competente poida autorizar consonte as prescricións da normativa de aplicación.
4. Na contratación das obras e/ou subministracións, respectar as prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa das entidades locais e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas. Serán os concellos contratantes os responsables directos das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
5. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos posteriores ao seu outorgamento e proceder ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre unha modificación importante que afecte a natureza do investimento ou o seu réxime de propiedade antes de transcorridos cinco anos do seu remate.

O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou gravame dos bens, será causa de reintegro nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e os bens quedarán afectados ao pagamento do reintegro, calquera que for o seu posuidor.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A aceptación da axuda supón a súa publicación nunha lista pública de beneficiarios.
9. Cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas nestas bases reguladoras, que incluírán en todo caso:
  - A colocación dun cartel publicitario durante a execución do proxecto subvencionado.
  - A instalación dunha placa explicativa permanente ao remate do proxecto.As entidades locais que reciban subvención para un proxecto que inclúa actuacións en varios lugares deberán colocar, en todos os lugares en que as actuacións se desenvolvan, os respectivos carteis informativos durante a execución e as placas explicativas permanentes, segundo o modelo que se incorpora como anexo VI a esta orde.
10. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e prestar colaboración e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
11. Proceder ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, seguindo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:
  - a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
  - b) Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos derivados da execución do proxecto subvencionado, nos termos establecidos no artigo 20 desta orde.

- c) En todo caso será reintegrado o financiamento público polo importe pagado da subvención que supere o custo final xustificado do proxecto subvencionado.
- d) Incumprimento da normativa vixente en materia de contratación do sector público e, especificamente, a que rexe as contratacións das entidades locais.
- e) Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención durante un período mínimo de cinco anos. O incumprimento da obriga de destino referida producirase, en todo caso, co alleamento ou gravame dos bens e quedarán estes afectos ao pagamento do reintegro, calquera que for o seu posuidor.
- f) Incumprimento da obriga de dar a adecuada publicidade do cofinanciamento das actuacións, nos termos establecidos nos artigos 16.9 e 18.3.d) desta orde, e de conformidade co previsto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos supostos establecidos no artigo 33 da dita Lei de subvencións de Galicia ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

Nas solicitudes de agrupacións ou asociacións de concellos, responderán de forma solidaria todos os concellos integrantes da agrupación ou asociación.

#### Artigo 17. Contratación

1. Os concellos poderán concertar con terceiros a execución total do proxecto que constitúe o obxecto da subvención. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración concedente.
2. A contratación das obras ou equipamentos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán os concellos contratantes os responsables directos das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da dita lei.

Para os efectos do establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a solicitude de tres ofertas entenderase cumprida coa publicidade da licitación, ao quedar garantida a competencia en tal suposto.

Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación da obra e/ou do equipamento na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación calidade-prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio de adxudicación relacionado cos custos.

#### Artigo 18. Xustificación da subvención

1. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa ata o 31 de outubro de 2026.
2. No caso das subvencións concedidas a asociacións ou agrupacións de concellos, será o concello representante o responsable de acreditar a execución do proxecto subvencionado e de presentar a documentación xustificativa establecida neste artigo.
3. A documentación xustificativa que deberán achegar as entidades beneficiarias das subvencións no prazo indicado no número 1 deste artigo é a seguinte:
  - a) Facturas e, no caso de obras, certificación con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local.
  - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria (concello, agrupación ou asociación de concellos), segundo o modelo do anexo IV desta orde, en que se faga constar:
    - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
    - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- Prezos dos carteis informativos e das placas explicativas permanentes, así como a data de colocación de cada un destes elementos.
- c) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario ou do concello representante, no caso de agrupacións ou asociacións de concellos, no modelo do anexo V, na cal se faga constar:
- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra, na cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
  - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
  - Que, segundo informe da persoa secretaria do concello, na contratación das obras e/ou das subministracións se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe os contratos do sector público.
- d) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na orde deberán achegar, ademais:
- Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
  - Fotografías do cartel ou carteis informativos, segundo o modelo do anexo VI, nas cales se poida apreciar a súa colocación no lugar das actuacións.
  - Fotografías da placa ou placas explicativas permanentes, no modelo do anexo VI, colocadas nun lugar visible no lugar das actuacións, que deberán permanecer durante, cando menos, cinco anos.
- e) Nos supostos en que sexa exixible, consonte o artigo 17 destas bases reguladoras, a entidade beneficiaria deberá presentar:
- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
  - Copia da resolución de adxudicación da obra ou equipamento onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación calidade-prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio de adxudicación relacionado cos custos.
4. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### Artigo 19. Pagamento

1. A Dirección Xeral de Administración Local, de encontrar conforme a documentación xustificativa, propoñerá o libramento dos fondos, sempre que o beneficiario cumpra a obriga de executar o proxecto que fundamentou a concesión, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. O pagamento da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe de financiamento establecida na resolución de concesión.
3. En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente do proxecto, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se concedeu a axuda.

#### Artigo 20. Acreditación da efectividade dos pagamentos

1. Considerarase gasto realizado cando fose contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, de conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas, e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais, contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.  
Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso do aboamento da subvención na conta bancaria do concello.
3. Os xustificantes das transferencias bancaria estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica; neste caso, os xustificantes das transferencias bancarias deberán

presentarse asinados electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

4. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da efectividade dos pagamentos realizados.

#### Artigo 21. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable á subvención, constitúen causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

1. Non achegar a documentación xustificativa en tempo e/ou en forma ou a súa presentación insuficiente ou incompleta con respecto aos termos exixidos nestas bases reguladoras. A falta ou insuficiente xustificación implicará que non se teñan por realizados o proxecto subvencionado nin o gasto, polo que a perda de dereito será total.

Compréndense neste suposto a inclusión de gastos que non corresponden ao proxecto subvencionado ou aqueles xustificados con documentos que non reflicten a realidade das operacións.

2. O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención, tanto nestas bases reguladoras como na normativa xeral de subvencións. En particular, e sen prexuízo doutros supostos aplicables, consideraranse incumprimentos das condicións establecidas os seguintes:

- a) Non executar o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión dentro do prazo establecido nestas bases reguladoras. O seu incumprimento implica unha vulneración da obriga material principal da entidade beneficiaria, polo que suporá a perda total do dereito ao cobramento da subvención.

- b) O recoñecemento da obriga dos gastos para a execución do proxecto subvencionado fóra das datas límite fixadas no artigo 18 destas bases reguladoras. De acordo co principio de proporcionalidade, sempre que mediante as certificacións de obra quede acreditada a execución total do proxecto dentro do prazo establecido, a perda de dereito será parcial e afectará só ás obrigas recoñecidas con posterioridade ás devanditas datas.

- c) O incumprimento das obrigas de publicidade establecidas nesta orde, nomeadamente a obriga de colocar o cartel informativo durante a execución do proxecto e a placa explicativa permanente en todos os lugares en que se executen as actuacións que integran o proxecto subvencionado. A vulneración das obrigas

sobre publicidade suporá a perda do dereito ao cobramento dunha cantidade equivalente ao 5% do importe da subvención concedida.

- d) O incumprimento das normas e condicións relativas á contratación das obras e/ou subministracións que constitúen o obxecto da subvención, contidas nestas bases e demais normativa de aplicación, suporá a perda total do dereito ao cobramento da subvención.
- e) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

A perda do dereito será total ou parcial segundo afecte todas ou algunha das actuacións que integran o proxecto subvencionado.

#### Artigo 22. Cantidades dispoñibles

As cantidades que resultaren sobrantes por causa de renuncia ou falta de presentación das xustificacións correspondentes por parte dos concellos beneficiarios poderán dedicarse a subvencionar os concellos que presentaron solicitude de subvención en prazo ao abeiro desta orde.

#### Artigo 23. Modificación

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Estas bases habilitan para autorizar as modificacións das características dos proxectos subvencionados atendendo aos obxectivos e requisitos da orde e ao cumprimento da normativa de aplicación, en particular o establecido no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A autorización para a modificación do proxecto acordarase por resolución do órgano competente para a concesión destas axudas, sempre que non se cause prexuízo a terceiro.

3. Malia o anterior, e sen necesidade de instar procedemento de modificación de subvención, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto do proxecto subvencionado sempre que as variacións non superen en conxunto o 20 % do orzamento total, que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non

desvirtúen as características do proxecto e condicións que foron tidas en conta para a resolución de concesión.

#### Artigo 24. Alteración dos modelos normalizados

Non se aceptará ningún modelo normalizado que os concellos solicitantes ou beneficiarios deban presentar segundo as prescricións destas bases reguladoras, que conteña emendas ou riscadas.

Calquera observación ou aclaración que as persoas interesadas precisen realizarse nun documento á parte.

O incumprimento desta norma podería dar lugar á inadmisión da solicitude, á perda do dereito ao cobramento da subvención ou ao seu reintegro.

#### Artigo 25. Concorrenza de axudas e subvencións públicas

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

#### Artigo 26. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 27. Réxime de recursos

Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

- a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a orde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

- b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

#### Disposición derradeira primeira

Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta orde, de conformidade co previsto no artigo 3.5 da Orde do 12 de xuño de 2024, sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG núm. 117, do 18 de xuño).

#### Disposición derradeira segunda

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

#### Disposición derradeira terceira

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

#### Disposición derradeira cuarta

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2026

Diego Calvo Pouso  
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR486A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------	-------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

ENTIDADE LOCAL

**ENDEREZO**

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Formato IBAN  Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

TÍTULO DO PROXECTO

ORZAMENTO (€)  IMPORTE SOLICITADO (€)



**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e/ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e/ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

No caso de solicitudes individuais de concellos, ademais, a entidade solicitante:

1. Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de solicitudes conxuntas (concellos asociados ou agrupados) ademais, que ningún dos concellos integrantes da agrupación ou asociación, participantes na solicitude:

1. Está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Está incurso en ningunha clase de inhabilitación para obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que, de conformidade co exixido polo artigo 7.2 da orde, as declaracións orixinais emitidas polos concellos integrantes da asociación ou agrupación, de acordo coas que se realiza esta declaración, están en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, no caso de ser requirido para iso polo órgano tramitador.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

**DOCUMENTACIÓN XERAL**

- Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante, no modelo do anexo II (solicitudes individuais), ou pola persoa secretaria do concello representante, no modelo do anexo III (solicitudes conxuntas).
- Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade solicitante.

**DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA**

**SOLICITUDES PARA OBRAS**

- Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria da entidade local, referida á plena dispoñibilidade sobre os terreos e predios onde se pretenden realizar as actuacións (anexo II para solicitudes individuais ou anexo III para as solicitudes conxuntas).
- Proxecto/s ou anteprojecto/s da/s obras que vaia/n realizar, co contido mínimo requirido pola orde (memoria, orzamento detallado, planos a escala e detalle suficientes e plano do Sixpac indicando as coordenadas UTM de cada actuación).

**SOLICITUDES PARA EQUIPAMENTO**

- Memoria explicativa dos equipamentos para os cales solicita subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade solicitante, que conterá a descrición e o orzamento detallado do equipamento solicitado.

**SOLICITUDES CONXUNTAS**

- Convenio de colaboración que regule a asociación ou agrupación de concellos, co contido mínimo obrigatorio recollido no artigo 7.6.

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )



**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- o Orde do \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_ pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

## CERTIFICACIÓN EN FASE DE SOLICITUDE (SOLICITUDE INDIVIDUAL)

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

## IDENTIFICACIÓN

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR ENTIDADE LOCAL 

## DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

## IDENTIFICACIÓN

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) 

## CERTIFICA, con base na documentación que figura no expediente:

1. Que este concello, mediante  (acordo/decreto/resolución/outros) do/da  (Alcaldía/Xunta de Goberno local/Pleno/outros) con data de , acordou solicitar subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o proxecto denominado

cun orzamento total de  € (IVE incluído), e aceptou expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

2. Que con data do  este concello remitiu a conta xeral correspondente ao exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.
3. Que este concello, dentro do prazo de presentación de solicitudes, posúe a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.
4. Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello do ano 2024 ascenden á cantidade de  € .

E para que así conste, para os efectos do exixido na citada orde, asino esta certificación.

## SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

 ,  de  de

**CERTIFICACIÓN EN FASE DE SOLICITUDE (SOLICITUDE CONXUNTA)**
**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

ENTIDADE LOCAL

**DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)  CONCELLO REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN

CONCELLOS INTEGRANTES DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN

**CERTIFICA**, con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos anteriormente relacionados:

1. Que todos os concellos integrantes da asociación ou agrupación acordaron solicitar subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o proxecto denominado:

que pretende executarse mediante a fórmula de xestión compartida, cun orzamento total de  (IVE incluído).

2. Que todos os concellos integrantes da asociación ou agrupación aceptan expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, así como o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

3. Que acordaron nomear o alcalde/a alcaldesa do Concello de  como representante, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación/asociación, e que actuará como coordinador/a, interlocutor/a, perceptor/a e xustificador/a da axuda.

4. Que todos os concellos participantes na solicitude remitiron, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, as respectivas contas xerais correspondentes ao exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

5. Que os concellos/s de  dentro do prazo de presentación de solicitudes, posúe/n a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal a agrupación/asociación solicita a subvención.

6. Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado dos concellos do ano 2024 ascenden ás seguintes cantidades:

NOME DO CONCELLO	IMPORTE (€)

7. Que o importe total dos créditos iniciais dos capítulos VI e VII do orzamento de gastos vixente en 2024 en cada un dos concellos asociados ou agrupados ascende á cantidade de:

NOME DO CONCELLO	IMPORTE (€)



**CERTIFICA** (continuación)

8. Que, de conformidade co exixido polo artigo 7.2 da orde, os acordos orixinais dos concellos integrantes da asociación ou agrupación, así como as certificacións emitidas polas persoas secretarias destes concellos, entre as cales está, en todo caso, a certificación de plena dispoñibilidade dos terreos ou predios emitida pola persoa secretaria do concello en que se vai desenvolver a actuación, están en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, no suposto de ser requirido polo órgano tramitador.

**SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA**

Lugar e data

,  de  de

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DA ALCALDÍA - FASE DE XUSTIFICACIÓN**

PR486A - SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

**DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE LOCAL		
<input type="text"/>		

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)	CONCELLO REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN (só no caso de solicitudes conxuntas)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLOS INTEGRANTES DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN (só no caso de solicitudes conxuntas)		
<input type="text"/>		

Para a xustificación do proxecto subvencionado á entidade que represento, en virtude da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e/ou conceptos.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e/ou conceptos, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	SOLICITADA/CONCEDIDA/PAGADA (indicar o que proceda)

Así mesmo, comprométese a comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria dunha subvención establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente as referidas a estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

3. Que as datas e os prezos de colocación dos carteis informativos e das placas explicativas permanentes son os que se consignan a seguir:

Actuación	Cartel/placa	Data de colocación	Prezo (€)

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

**CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA - FASE DE XUSTIFICACIÓN**

PR486A - SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

**DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

ENTIDADE LOCAL

**DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)  CONCELLO REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN (só no caso de solicitudes conxuntas)

CONCELLOS INTEGRANTES DA ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN (só no caso de solicitudes conxuntas):

**CERTIFICA**, segundo os acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos anteriormente relacionados:

1. Que, con data do , mediante  (acordo/decreto/resolución/otros) do/da  (Alcaldía/Xunta de Goberno local/Pleno/otros) aprobouse/aprobáronse a/as factura/s e/ou certificación/s de obra correspondente/s á execución do proxecto subvencionado, por importe total de  € (IVE incluído), co seguinte detalle:

Persoa acreedora	Concepto	Núm. factura/certificación	Data factura/certificación	Importe (€)	Data de recoñecemento da obriga

2. Que no citado acordo se fai constar o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
3. Que, segundo informe da intervención municipal, tomouse razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos anteriormente relacionados, correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
4. Que, segundo informe da persoa secretaria do concello, na contratación das obras e/ou subministracións cumpriuse a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe os contratos do sector público.

E para que así conste, para os efectos do exigido na orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, asina esta certificación.

**SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA**

Lugar e data

,  de  de



MODELO DE CARTEL E PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE



XUNTA  
DE GALICIA

Espacio para incluir o escudo  
ou logotipo do concello

ESPACIO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO  
SUBVENCIONADO

Orzamento: \_\_\_\_\_ €

**PROXECTO DE CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN  
DE SERVIZOS BÁSICOS LOCAIS**